



Concello de Vilalba

BASES REGULADORAS DA INSCRIPCIÓN E ORGANIZACIÓN DOS “CAMPAMENTOS DE VERÁN 2022” CONCELLO DE VILALBA

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases regular a inscrición na actividade “**Campamentos Urbanos de Verán 2022**”, para a realización de actividades de tempo libre dirixidas ós menores de 12 anos, con preferencia para os empadroados no Concello de Vilalba, durante os meses de xullo e agosto, que permitan ás familias a conciliación familiar e laboral. As dúas quendas nas que se celebrarán ditos campamentos son:

- do 4 ao 29 de xullo de 2022.
- do 1 ao 26 de agosto de 2022.

Cada quenda dos campamentos contará con **40 prazas** (agás no caso de restricións derivadas da pandemia Covid 19 ou doutra índole).

2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida á poboación infantil con idades comprendidas entre os **5 e 12 anos (nados entre o 2017 e 2010)**, no caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas asignaranse estas últimas segundo o procedemento do punto 5.

Os solicitantes, poderán inscribirse nas dúas quendas, debendo indicar unha delas como preferente. No caso de existir prazas vacantes na segunda opción, os solicitantes poderán participar en ambas quendas dos campamentos.

Son necesarios como mínimo 10 inscritos por quenda de idades homoxéneas; no caso de anularase, ofrecerase, de ser posible, reubicación na outra quenda.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

3. INSCRICIÓN

3.1. DATAS DE INSCRICIÓN

Do 24 de maio ao 2 de xuño de 2022.

3.2. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Priorizarase de xeito telemático por algunha das seguintes canles:

- A través do trámite específico na sede electrónica do Concello de Vilalba: <https://vilalba.sedelectronica.es>
- A través da web de arrendo de instalacións e inscrición en actividades <https://app.sporttia.com/scs/1528/profile>

No caso de empregar a app/web sporttia.com, os solicitantes deberán remitir a documentación requirida no punto 3.3 ao correo electrónico deportes@vilalba.es o mesmo día que soliciten a inscrición nos campamentos, indicando no asunto do correo o nome do alumno e no corpo de dito correo o nome do pai/hai ou titor legal.

- Presencialmente no rexistro xeral do Concello de Vilalba nas oficinas xerais no 1º andar (teléfono 982 510 305).

3.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Para a xustificación do punto 5.2. destas bases, requírese presentar a seguinte documentación no momento da solicitude:

1. Formulario modelo de inscrición. **(ANEXO I)**
2. Fotocopia do Libro de Familia (páxina onde aparece o inscrito/a) ou DNI (en caso de ser o primeiro ano de inscrición).
3. Declaración da Renda do 2020 (base impoñible xeral + base impoñible de aforro) ou autorización datos fiscais dos adultos da unidade familiar **(ANEXO II)**.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

4. Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación). Para as persoas autónomas entregárase fotocopia do último recibo de autónomos.
5. Documentación onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.
6. Outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración.

A documentación que non se presente no prazo establecida, non se poderá presentar **posteriormente, realizándose a baremación coa documentación achegada.**

4. REQUISITOS MÍNIMOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas proxenitoras ou titores legais empadroadas no municipio con data anterior a esta convocatoria, así como os menores para os que se solicita praza, terán preferencia de participación nos campamentos de verán 2022.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar na convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo ou estea acreditado a través dun informe médico, educativo ou social que se vai beneficiar das actividades desenvolvidas.

5. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

5.1. ADXUDICACIÓN DIRECTA

Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

5.2. ADXUDICACIÓN POR BAREMACIÓN

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios de baremación establecidos no apartado seguinte.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

5.2.1. CRITERIOS DE BAREMACIÓN

5.2.1.A. CRITERIOS XERAIS DE PUNTUACIÓN

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Familias nas que traballen os dous proxenitores ou titores/as	10
Familia monoparental/monomarental traballando.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor	1 (por cada menor)

5.2.1.B. CRITERIOS DE CARÁCTER SOCIAL, PUNTUACIÓN

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa cuidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións)	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia	1
Vítimas de violencia de xénero	3

5.2.2. DESEMPATE MEDIANTE RENDA PER CÁPITA

Nos casos en que haxa igualdade de puntuación para a obtención da praza, procederase a desempatar dándolle prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña unha renda per cápita anual inferior ou igual ao 100% do IPREM (6.948,24 €).

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

Superado dito umbral de renda per cápita anual, as solicitudes ordenaranse de menor a maior renda per cápita, tendo preferencia as de menor contía. Xustificárase coa declaración da Renda do 2020 (base imponible xeral + base imponible de aforro) ou autorización datos fiscais (anexo I).

5.2.3. DESEMPATE MEDIANTE SORTEO

De persistir o empate, para a obtención da praza adxudicárase a través dun sorteo co seguinte procedemento:

- Ordenaranse as solicitudes por orde alfabética de apelidos.
- Asignaráselle a cada solicitante un número.
- Realízase o sorteo electrónico aleatorio dos números asignados a cada solicitante en función do número de prazas que corresponda a cada actividade.

A data do sorteo público, de ser preciso, publicarase por medios electrónicos.

5.2.4. COMISIÓN DE BAREMACIÓN

O Concello de Vilalba constituirá unha comisión de baremación e seguimento composta por:

- Presidencia: Concelleira de Educación, Infancia e Mocidade e Feiras e Mercados ou persoa en quen delegue.
- Secretaría: Técnico deportes - Concello de Vilalba ou persoa en quen delegue.
- Vogal: Técnica de cultura - Concello de Vilalba ou persoa en quen delegue.

5.3. RENUNCIA DE PARTICIPACIÓN

As persoas que obtiveron praza no campamento e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar renuncia ao efecto por escrito a través do rexistro do Concello de Vilalba ou ben a través da sede electrónica antes do comezo do campamento, senón será de aplicación o punto 7 destas bases.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

6. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

A listaxe provisional de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal vilalba.gal. Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións dende a publicación.

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de agarda, se fora o caso.

No caso de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de agarda aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

7. BAIXAS

Causarase baixa automática no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por faltas de asistencia reiteradas sen comunicación
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

8. NORMAS XERAIS

1. O horario preferente das actividades será de **9:00 a 14:00 horas**. Como punto de entrega e recollida xeral do alumnado establécese o auditorio municipal Carmen Estévez ou a instalación que se designe. No caso de climatoloxía adversa, a recollida do alumnado realizarase na instalación na que se atopen en dito momento, podendo cambiar tamén o punto de entrega polo mesmo

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

- motivo. Os pais/nais ou titores legais serán avisados con antelación suficiente por medios electrónicos.
2. Primaranse as actividades en **espazos ao aire libre sen contacto físico** para minimizar os riscos de contaxio por Sars-Cov 2 e aproveitar a climatoloxía favorable. No caso de climatoloxía adversa as actividades levaranse a cabo en instalacións pechadas: pavillón municipal de deportes, pavillón do CEIP Mato Vizoso e auditorio municipal Carmen Estévez.
 3. Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro de 2022.
 4. O alumnado contará cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obrigatorio Deportivo establecidas no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as sesións, o alumnado debe poñelo inmediatamente en coñecemento dos monitores e nun prazo de 24 horas informar ao SMD para tramitar o correspondente parte de accidentes.
 5. O Servizo Municipal de Deportes (SMD) por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos, horarios, as actividades e se fose necesario deixalos sen efecto.
 6. A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución da taxa aboada.
 7. Coa presentación da solicitud o alumnado comprométese a cumprir coa normativa sanitaria en vigor para facer fronte á Covid19 e no que sexa compatible con ela, co Protocolo básico de actuación nas instalacións deportivas municipais, tras a superación da fase III: nova normalidade.
 8. Coa presentación da solicitud entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

9. Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, e regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, o Concello de Vilalba, pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparecen individualmente ou en grupo os nenos e nenas nas diferentes actividades dos campamentos 2022, co fin de publicalas nas redes sociais municipais, así como cedelas a medios de comunicación locais.
10. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado CAMPAMENTOS DE VERÁN 2022, do que será responsable do tratamento o Concello de Vilalba e, no seu caso, Social Cloud S.L., como encargado do tratamento, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das actividades dos campamentos de verán. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es.

9. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO

1. O alumnado non asistirá se presenta febre, síntomas compatibles coa enfermidade COVID-19 ou calquera outra, ou se está pendente do resultado dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA) tanto el/ela como algún dos seus conviventes, comprometéndose a coñecer e aceptar as medidas de hixiene e de seguridade establecidas para o desenvolvemento da actividade, sendo responsabilidade exclusiva do propio alumnado ou do seu pai/nai ou titores legais o seu incumprimento.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

2. O horario asignado será rigoroso, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo.
3. Non é posible a asistencia de pais, nais, titores ou público durante as actividades.
4. O alumnado virá vestido coa roupa que utilizarán durante o campamento.
5. O alumnado acudirá cunha única mochila ou similar para gardar os seus efectos persoais debendo ser custodiados polo propio alumnado. Deben acudir con bebida, merenda, gorra e protección solar, botando esta última antes da actividade ou no seu domicilio.
6. O alumnado non poderá compartir alimentos, bebidas ou similares, o seu uso será individual
7. O alumnado non poderá asistir con teléfonos móbiles, similares ou outros obxectos aos campamentos
8. O uso de máscara será o que determinen as autoridades sanitarias en cada momento, nembargantes, nas actividades en instalacións pechadas, recoméndase o uso da mesma.
9. O alumnado cumprirá calquer normativa subseguinte aprobada polas autoridades sanitarias e deportivas competentes que modifique os protocolos vixentes no momento de aprobar estas Bases.

10. COTA DE INSCRICIÓN

As persoas adxudicatarias das prazas, incluírán no formulario de inscrición un **nº de conta** onde desexan **domiciliar o pago da taxa** dos campamentos de verán regulada pola Ordenanza fiscal nº 33, que establece as seguintes cotas de inscrición:

- **Empadroados:** 90 € quenda, por cada menor participante
- **Non empadroados:** 180 € quenda, por cada menor participante.
- **Exentos:** de balde (válido con informe de Servizos Sociais).

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

11. ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓNS

A inscrición e participación nos Campamentos de Verán 2022 supón a aceptación das normas.

12. REFERENCIAS LEXISLATIVAS

1. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
4. Ordenanza fiscal municipal N.º 33, Reguladora da taxa por prestación dos servizos públicos das instalacións e escolas deportivas, campamentos de verán e outros servizos análogos.
5. Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.
6. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
7. Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
8. Protocolo Básico de actuación nas instalacións deportivas municipais tras a superación da fase III: Nova Normalidade, aprobado por Decreto da Alcaldía n.º 301 de data

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: CR7NL8YDK05JSP173Z2LSJ2EG | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 10 de 13



Concello de Vilalba

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

a) **Formulario** modelo de inscrición.

b) Fotocopia do **Libro de Familia** (páxina onde aparece o inscrito) ou **DNI** (en caso de ser o primeiro ano de inscrición).

c) **Declaración da Renda do 2020** (base imponible xeral+ base imponible de aforro). No caso de non tela, **autorización** consulta datos fiscais (anexo II)

d) **Certificados** de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación). Para as persoas autónomas entregarase fotocopia do último recibo de autónomos.

e) **Documentación** onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.

f) **Outra documentación** que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración. Indique cal:

g) **Solicito praza para máis dun/dunha menor da mesma unidade familiar.**

Vilalba de _____ do 2022

Firma:

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

ANEXO II- AUTORIZACIÓN DATOS FISCAIS (no caso de non ter declaración da renda 2020)

Nome e apelidos		DNI/NIF
Enderezo	Poboación	CP
Enderezo para os efectos de notificación:		Teléfono

Expoño: En aplicación do artigo 28,2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, autorizo a consulta dos meus datos da declaración do IRPF do derradeiro exercicio liquidado que constan en poder da Axencia Estatal de Administración tributaria.

Solicita: Se recollan ditos datos ao fin de xuntalos á solicitude da convocatoria municipal de Axudas á escolarización

Presto o meu consentimento para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

Sinatura

Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía con data 16 de maio do 2022.

Fdo. A Secretaria Ana M.^a Rubiera Álvarez

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815

